

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Fauna

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O Pozo do Real

O Pozo do Real está na parroquia de Montouto, onde chaman Veiga do Real, en Abadín (Lugo).

»Alí había un pozo que dicían, ó pozo non se lle vía fondo, e dicían que o que caese alí desaparecía.

Eu recordo de berrar así ó pé do..., que alí había un salto de auga á altura menos que do peitoril este (uns 150 cm), pero formaba fervencia ó caer a auga de chorro. Alí non se vía fondo. Eu teño ido ás troitas e mete-la caña e non se lle encontraba.

Berraba alí un, nosoutros éramos rapaces novos e facíamos:

□;Eh!

E resonaba, resonaba todo.

Aquí hai un muchacho, que está agora, me parece, traballando en Bilbao... Tiña un can. Iba po monte co gando e o can non lle obedecía moi ben; o can era bon... e dixo que o can desaparecera. Vaise e atoulle unha corda ó cuello e unha pedra, e o can ó pozo. Nin pozo nin can nin...Non apareceu».

BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

ARQUIVO CHAIRA: Transcripción da versión DOMINGO PARDIÑO (68 anos), A Vacariza, Montouto. 24 de xaneiro de 1993.

Bibliografía:

CARNERO, O., CUBA, X. R., REIGOSA, A., SALVADOR, M., Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín, Excma. Deputación Provincial de Lugo, 2004.